

Servizos ecosistémicos

Almacenamento de carbono



Cantidade de madeira aproveitada



Produción de cogomelos



Mitigación da erosión do solo



Provisión de auga



Hábitat para a biodiversidade



Resiliencia da especie



Intensidade de xestión requirida



Referentes de boas prácticas forestais



- Cumprimento de toda a **lexislación aplicable**
- Fomento do **uso múltiple do monte**
- Aposta pola ordenación, **planificación** e xestión forestal
- Garante da persistencia da masa arbórea coa **repopoación** artificial e a **rexeneración** natural
- Detección precoz de **pragas e enfermidades**
- Emprego de **produtos fitosanitarios** en casos excepcionais
- Vixilancia e información sobre posibles **incendios**
- Aplicación de **tratamentos silvícolas** recomendados
- Aposta pola **trituration de restos** e a súa compostaxe ou aproveitamento enerxético
- Racionalización da **rede viaria** forestal
- **Conservación de fauna e flora**
- **Xestión de residuos**
- **Minimización de impactos** paisaxísticos e no ambiente
- Cumprimento da lexislación vixente en materia de **seguridade e saúde laboral**

Modelo silvícola QR2

Carballo *Quercus robur* L.



Carballo

Quercus robur L.

MODELO SILVÍCOLA QR2


Conservación e produción de leñas

1 REXENERACIÓN

- Rexeneración natural de densidade variable, alto fuste sobre cepas ou árbores demoucadadas.

2 MANTEMENTOS

- Roza para facilitar o acceso.
- Compatibilidade con aproveitamento micolóxico e gandeiro.



Máis información do modelo

MODELO SILVÍCOLA QR2

ESPECIE: *Quercus robur* L., aplicable a formacións mixtas con piñeiro do país ou outras frondosas autóctonas

OBXECTIVO: conservación e produción de leñas en monte alto e carballeiras demoucadadas

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais. Carballeiras cun estado forestal ou silvícola que non recomende ou non permita intervencións culturais propias da produción madeireira

3 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas:** podas de formación ata 2-4 m para acadar lonxitude de fuste sen bifurcacións da altura.
- **Desmestas:** desde os 15 anos ata deixar 1.000-1.500 pés/ha.
- **Rareas:** aos 30 anos e seguir cada 7-10 anos.
- **Demoucas:** só admisible en árbores previamente demoucadadas (redemoucado). Aplicar demoucas laterais para manter unha guía principal ou de guiado en forma de forca e pendón.

4 CORTA FINAL

- **Idade de corta:** entre os 90 e os 120 anos. Poderase manter de xeito definitivo arborado adulto en pé a partir desas idades.
- **Métodos de corta:** evitar cortas a eito e posterior aproveitamento en monte baixo. Posible corta polo pé de árbores demoucadadas se existe rexenerado de substitución arredor. Rareo sucesivo ou entresaca pé a pé ou en grupos de árbores.